

## DOSSIER DE PRENSA

Evento	<b>Celebración da mesa redonda A PERTINENCIA DA EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NA UNIVERSIDADE</b> Este evento apoia o lanzamento do <b>I Curso Online HÁBITAT A ESCALA HUMANA</b> <a href="http://www.udc.es/dhabitat/novas/2014/20140217CursoHaEH.html">http://www.udc.es/dhabitat/novas/2014/20140217CursoHaEH.html</a>
Data	<b>Xoves 13 de marzo 2014. 12:00 horas</b>
Lugar	<b>Salón de graos. Edificio de Departamentos Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña Campus da Zapateira.</b>
Intervintes	Guillermo Carlos Otero Piñeyro-Maseda; Xunta de Galicia Alfredo Novoa Gil; Fondo Galego Cooperación Enrique Peña González; Universidade da Coruña Plácido Lizancos Mora; coordinador PDI Proxecto dHábitat Lara Medín López; Presidenta de Arquitectos sen Fronteiras Galicia (Achéganse biografías)
Publico ao que vai dirixido	Comunidade universitaria e calquera persoa ou entidade interesada na Educación para o Desenvolvemento e na Cooperación
Obxectivos previstos	Confrontar ideas acerca da pertinencia da educación para o desenvolvemento, na súas diversas dimensións, na comunidade universitaria. En termos xerais, analizar a actualidade da Cooperación ao Desenvolvemento no contexto actual. Reflexionar sobre o lugar da arquitectura, dos profesionais da arquitectura e en particular da comunidade da Escola de Arquitectura da Coruña na construción do Hábitat como dereito social. Dar conta do lanzamento do curso HÁBITAT A ESCALA HUMANA e outras accións do <b>Proxecto dHábitat</b>
+ información	<a href="http://www.udc.es/dhabitat">www.udc.es/dhabitat</a> Plácido Lizancos, profesor titular, coordinación proxecto dHábitat: 629.847.281; <a href="mailto:placido.lizancos@udc.es">placido.lizancos@udc.es</a> Lara Medín López, Arquitectos sen Fronteiras Galicia: <a href="mailto:gali-cia@asfes.org">gali-cia@asfes.org</a>



13.Marzo.2014  
12:00 horas

Mesa redonda

**PERTINENCIA  
DA  
EDUCACIÓN  
PARA  
O  
DESENVOLVEMENTO  
NA  
UNIVERSIDADE**

**Salón de Graos**

Edificio de Departamentos da  
Escola Técnica Superior de Arquitectura de  
A Coruña  
Campus Universitario da Zapateira s/n

+ info: <http://www.udc.es/dhabitat>

Proxecto de difusión do dereito ao hábitat  
a través da sensibilización e a educación  
formal na comunidade educativa

**OBXECTIVOS**

dHábitat consitúeo un grupo de profesores da Escola Técnica Superior de Arquitectura e membros de Arquitectos Sen Fronteiras Galicia, tendo como obxectivo impulsar a concienciación social en materias de dereito ao hábitat, con especial incidencia no ámbito universitario. Coincidindo co lanzamento da primeira edición do curso en liña "Hábitat a Escala Humana", prográmase unha mesa redonda arredor do tema central que da sentido ao grupo: a introdución da educación para o desenvolvemento nos estudos universitarios.

Forman parte desta profesionais de diferentes ámbitos mais cunha ampla traxectoria no mundo da cooperación. Os seus puntos de vista, forxados ao través dun extraordinario abano de experiencias son, sen dubida un referente no que respecta ao dereito ao hábitat.

**MEMBROS DA MESA**

**Guillermo Carlos Otero Piñeyro-Maseda**  
Xefe do Servicio de Formación e Coordinación Institucional da Cooperación ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia

**Alfredo Novoa Gil**  
Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade desde a súa fundación en 1997 ata o ano 2011

**Enrique Peña González**  
Doutor e Profesor Titular da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Caminos, Canles e Portos, e exdirector da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña

**Plácido Lizancos Mora**  
Doutor e Profesor Titular da Escola Técnica Superior de Arquitectura e Coordinador PDI-UDC do Proxecto dHábitat

**Lara Medín López**  
Presidenta de Arquitectos Sen Fronteiras Galicia e expatriada en Guatemala no período 2008-2013

**ITEMS**

- ¿Qué papel pode aportar no ámbito da cooperación unha institución docente e investigadora como a Universidade?
- ¿Cómo se poden deseñar vías de acción desde organismos universitarios?
- ¿Qué diferentes visións téñense da cooperación dende os países colaboradores e dos receptores?
- ¿Poden os arquitectos e a arquitectura intervir positivamente no desenvolvemento da humanidade?



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA DE GALICIA



cooperacióngalega

## ANTECEDENTES

Estender o desenvolvemento ás xentes da terra que aínda non accederon a el é un imperativo ético e tamén un compromiso internacional.

A Universidade, como referente da vangarda da investigación e a docencia, non é allea a estes requirimentos, que incluso en tempos de crise non poden diminuír. E aínda máis, a crise, fai aparecer en entornas que foron opulentas insólitas formas de precariedade.

O hábitat, como manifestación privilexiada da condición humana permite a visualización física dos efectos das crises, que infelizmente afectan a inmensa maioría da humanidade.

O asunto non é estritamente arquitectónico, pois son moitas as compoñentes que deben actuarse para desencadear procesos de cambio. Mais aínda non sendo arquitectónico, os arquitectos e por extensión, as escolas de arquitectura –do norte e do sur- reivindicamos a validez da nosa aportación activa nese marco.

Os procesos formativos e as liñas de investigación e de traballo nas Escolas de Arquitectura dos países do Norte veñen debaténdose entre os que postulan por actuacións fundadas na cultura do visual fronte a outros que reivindicán a prevalencia do compromiso social.

Como si ambas dimensións estiveran condenadas a non encontrarse nunca, os modos de facer de uns e outros discorren paralelamente, adquirindo nos tempos recentes un protagonismo preponderante os modos de facer dirixidos a satisfacer os fastos da opulencia.

A crise, traendo as nosas portas a realidade da pobreza e mesmo da miseria, impúlsanos aos que entendemos que a arquitectura debe comprometerse co desenvolvemento harmónico e sustentable de tódalas xentes e culturas da Terra, a tomar a iniciativa.

## XUSTIFICACIÓN

A ETS de Arquitectura da Coruña ten realizado nos seus corenta anos de vida algunhas accións puntuais dirixidas aos seus estudantes. E algúns dos seus profesores e alumnos participan individualmente en actividades de voluntariado na nosa terra e en latitudes lonxanas.

A ETSA é tamén sede da delegación en Galicia de ASF. Unha ONGD cunha traxectoria activa de máis de 25 anos, que desenvolve unha vasta e importante actividade.

Neste contexto e ao fío da convocatoria da

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*ORDE de 29 de maio de 2013 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2013. (DOG Núm. 109 Luns, 10 de xuño de 2013 Páx. 21518)*

Un grupo de profesores, xunto con Arquitectos sen Fronteiras Galicia, co apoio da Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación da Universidade da Coruña constrúen o

### **PROXECTO PARA A IMPLEMENTACIÓN DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NA E.T.S. DE ARQUITECTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

provéndose entre outras, as seguintes accións::

- 1. Intercambio de experiencias entre institucións académicas implicadas na educación para o desenvolvemento.

- 2. Implementación dunha plataforma dixital para soporte dos materiais producidos e plataforma para o intercambio de experiencias.
- 3. Realización dun taller experimental para a confrontación práctica de ideas.

E diversas actividades complementarias como:

- 4. Producción e lanzamento dun curso online para a formación en dereito social ao hábitat.
- 5. Creación dunha biblioteca especificamente dedicada a esta temática
- 6. Desenvolvemento de accións de sensibilización no Día do Hábitat
- 7. Realización de actividades en centros educativos de ensino medio en relación ao dereito ao Hábitat; incluíndo a produción dunha Guía Didáctica sobre a materia.

O proxecto, recibe por

*RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de maio de 2013 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.*

unha subvención económica de:

Nº exp.	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Custo total do proxecto en €	Subvención concedida en €	Anualidade 2013	Anualidade 2014
2013/2	Arquitectos Sen Fronteiras agrupada coa Universidade da Coruña	Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa 2013-2014	73.420,02	29.555,00	11.822,00	17.733,00

### O CURSO ONLINE "HABITAT A ESCALA HUMANA"

Entre as actividades formativas e de sensibilización que forman parte do Proxecto, dHábitat, iníciase o dez de marzo o curso impartido en liña, titulado "Hábitat a Escala Humana".

Este curso deseñouse por Arquitectos Sen Fronteiras, coa asistencia de profesorado da Escola de Arquitectura da Coruña.

Os materiais docentes foron producidos por relevantes profesionais a nivel internacional, que obtiveron a oportunidade para realizar os materiais docentes por medio dun concurso aberto, internacional.

bilidade e os Dereitos Humanos vencellados a ela, ade-

dende un enfoque social.

Así, é obxectivo do mesmo ese amplísimo grupo de poboación que tanto nos países menos favorecidos como nos contextos locais non soen ser atendidos pola arquitectura ou por outras disciplinas que traballan en torno ao hábitat. Trátanse de ámbitos profesionais e mesmo xeográficos, hoxe emerxentes, xeralmente ausentes nos plans de estudos das escolas de arquitectura.

A matrícula limitouse a un máximo de corenta e cinco estudantes por razóns de operatividade. Quedou cuberta en poucos días.

## BIOGRAFÍAS

### **GUILLERMO CARLOS OTERO PIÑEYRO-MASEDA**

[cooperacion.exterior@xunta.es](mailto:cooperacion.exterior@xunta.es)

Xefe do Servizo de Formación e Coordinación Institucional da Cooperación ao Desenvolvemento; Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

<http://www.cooperaciongalega.org>

Licenciado en Dereito pola USC. Funcionario do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia.

Desempeña o posto de Xefe do Servizo de Formación e Coordinación Institucional da Cooperación para o Desenvolvemento na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia dende o ano 2007.

Anteriormente desenvolveu o seu traballo na Consellería de Traballo e Benestar.

### **ENRIQUE PEÑA GONZÁLEZ**

[epena@udc.es](mailto:epena@udc.es)

Doutor e Profesor da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos. Por anos foi Director da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.

Como profesor titular da área de Enxeñería Hidráulica é responsable da materia "Cooperación para o Desenvolvemento na Enxeñería Civil". Dende ela traslada aos estudantes conceptos sobre cooperación e o emprego de tecnoloxías apropiadas a cada circunstancia e lugar. Abarca nesta experiencia docente o coñecemento xeral do subdesenvolvemento no mundo e dos axentes involucrados neste sector profesional, presentando posibles ferramentas para a mellora da calidade de vida humana dende a perspectiva da enxeñería na procura dunha conciencia crítica e solidaria do estudante.

### **ALFREDO NOVOA GIL**

[info@igadi.org](mailto:info@igadi.org)

Incansable traballador en labores de Cooperación e Solidariedade, labor que desenvolve primeiro dende o IGADI e máis logo dende o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do que é presidente dende a súa fundación en 1997 até 2011.

Dende esa plataforma participa en proxectos en Nicaragua, Perú, Cuba e nomeadamente en países lusófonos como Mozambique ou Cabo Verde.

*"Un cooperante é aquela persoa que se traslada ata un punto onde necesitan da súa axuda, e intenta colaborar na medida do posible para que, cos seus propios medios e recursos, poidan saír adiante, sen ningún tipo de intervención na cultura ou tradicións"*

**PLÁCIDO LIZANCOS**

[placido.lizancos@udc.es](mailto:placido.lizancos@udc.es)

Arquitecto e profesor titular da Escola de Arquitectura da Coruña. A súa tese de Doutoramento na que analizaba os procesos de conformación da casa labrega da Galicia contemporánea foi galardoada co premio Extraordinario da UDC en 2002. Ten realizado un posgraio en Cooperación ao Desenvolvemento na Cátedra Unesco da Universidade Politécnica de Madrid e participado en proxectos e estudos no terreo en América e África.

É coordinador universitario do grupo dHábitat

**LARA MEDÍN**

[galicia@asfes.org](mailto:galicia@asfes.org)

Arquitecta. Presidenta de Arquitectos sen Fronteiras Galicia.

Ten realizado un posgraio en Cooperación ao Desenvolvemento na Cátedra Unesco da Universidade Politécnica de Madrid

Realizou estancias de traballo en países de Sudamérica e o Caribe entre 2008 e 2013 e intervencións en materia de hábitat marxinal na cidade da Coruña.

Arquitectos sen Fronteiras Galicia é socio fundador do Proxecto dHábitat.